



CIRCULAR INFORMATIVA 1/2023

1. XIII CONGRESO DA AVOGACÍA ESPAÑOLA: TARRAGONA 3, 4 E 5 DE MAIO

Os vindeiros 3, 4 e 5 de maio terá lugar no Palacio de Congresos de PortAventura en Tarragona o XIII Congreso Nacional da Avogacía Española.

Na seguinte ligazón pódese consultar toda a información en relación coa inscrición, programa, hoteis etc.

<https://congreso.abogacia.es/>

Bolsas do ICA Santiago

A Xunta de Goberno do ICA Santiago, na sesión do 23.02.2023, tomou o acordo de conceder **10 bolsas de 500 euros** (5.000 € en total) para aquelas letradas e letrados exercentes residentes que teñan interese en asistir ao dito congreso.

No caso de que se reciban máis de 10 solicitudes de bolsa, o importe total destinado a esta partida (5.000 €) será repartido proporcionalmente entre todos e todas as solicitantes.

Solicitudes: por escrito ao seguinte enderezo electrónico: contabilidade@icasantiago.org

Prazo de solicitude: ata o 31 de marzo de 2023

Aboamento: farase efectivo unha vez que se xustifique debidamente a inscrición e a asistencia ao congreso.

2. REVISIÓN DO BORRADOR DA GUÍA COLEXIAL 2023

Unha vez actualizados os datos na *Guía Colexial 2023* segundo as modificacións indicadas polos colexiados e colexiadas, ofrecémosvos unha ligazón a unha versión provisional para que poidades verificar os vosos datos profesionais antes da súa publicación definitiva.

https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/SKM_550i22032919220/SKM_550i230119175405648.pdf

Esta versión permanecerá exposta **ata o vindeiro 9 de marzo** ás 14 h co fin de que poidades comunicarnos calquera erro ou cambio a través do seguinte enderezo electrónico: icajuzgado@icasantiago.org.

3. CONVENIO CON ACUNSA CLÍNICA UNIVERSITARIA DE NAVARRA

O Colexio asinou un convenio de colaboración con Seguros de Salud Acunsa (Asistencia Clínica Universitaria de Navarra, SA) para ofrecer unha oferta exclusiva aos colexiados e colexiadas de cara á contratación da súa póliza Alta Especialización Élite.

Resumo de coberturas da póliza:

— Hospitalización na Clínica Universidad de Navarra: cirurxía cardíaca, cirurxía vascular, cardiología, neurocirurxía, oncoloxía, transplantes

CIRCULAR INFORMATIVA 1/2023

- Hospital de día: quimioterapia e radioterapia; tratamento cirúrxico de tumores cutáneos diagnosticados de carcinoma basocelular, carcicoma espinocelular ou melanoma; coronariografías diagnósticas e cirúrxicas.
- Habitación individual con cama para acompañante.
- Hotel durante os tratamentos de quimioterapia e radioterapia: réxime de aloxamento e almorzo, para paciente e acompañante.
- Consultas, ambulancia, próteses internas.
- Sen límites na cobertura hospitalaria e de hospital de día.
- Viaxes: cobertura ata Pamplona ou Madrid desde calquera lugar do territorio nacional para hospitalización ou para recibir os tratamentos amparados no hospital de día, cos seguintes reembolsos: en avión, 80 % billetes de paciente e acompañante; en tren, 100 % dos billetes de paciente e acompañante; en coche, por quilometraxe.
- e-Doctor App Acunsa: servizo externo de orientación médica 24 h/365 día ao ano, mediante videochamada e chat e con receitas electrónicas.

Tarifas especiais para colexiados/as

- Ata 25 anos: 15,67 €/mes/asegurado
- Entre 26 e 60 anos: 22,81 €/mes/asegurado
- Entre 61 e 65 anos: 29,43 €/mes/asegurado

Para tramitar altas ou recibir máis información poderase contactar con Ana M^a Fernández (axente exclusiva para Galicia de Acunsa) no teléfono 627 908 284 ou no correo electrónico afernandez@acunsa.es.

4. PROMOCIÓN EDITORIAL: “EL PÓRTICO DE LA GLORIA. UNA PELÍCULA RODADA EN PIEDRA”

O Colexio asinou un acordo con Teófilo Comunicación mediante o cal se ofrece unha promoción especial aos colexiados e colexiadas para a adquisición do libro *El Pórtico de la Gloria. Una película rodada en piedra*. En virtude deste acordo, a dita obra poderá mercarse a un prezo de 30 euros (PVP xeral 60 €).

Os colexiados e colexiadas que teñan interese en adquirir algún exemplar poderán contactar coa secretaría do Colexio para tramitar a solicitude e aboar o importe indicado.

Máis información sobre a obra:

<https://teofilocomunicacion.com/tienda/fotografia/portico-la-gloria-una-pelicula-rodada-piedra>